



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA A MELLORA DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ALUMNADO AFECTADO DE PARÁLISE CEREBRAL E TRASTORNOS AFÍNS

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, así como no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Asemade, presidente da Axencia Galega de Servizos Sociais, en virtude do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos, e así mesmo presidente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, de conformidade co previsto nos estatutos deste consorcio.

Douta parte D. Daniel Varela Lago, presidente da Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), segundo acordo da asemblea xeral ordinaria de socios tomada o 19.04.2012, CIF G 36 624 120, e enderezo social na rúa Miguel Hernández, 36210 Vigo, declarada de utilidade pública dende o ano 1983 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións con nº 1999/000263-1º.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación na que concorren, teñen capacidade legal para este acto, e para os efectos,



EXPOÑEN

1 Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, e de conformidade con ela foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

2 Que a Consellería de Política Social, consonte ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social. Neste eido, compételle exercer as políticas autonómicas en materia de apoio á familia e á infancia, segundo o disposto nas citadas leis.

3 Que a Consellería de Política Social é o departamento da Xunta de Galicia no que se integra a rede de escolas infantís de titularidade autonómica "A Galíña Azul", servizo público de atención á infancia, formado por 164 centros distribuídos nas catro provincias galegas, correspondendo 22 centros á cidade de Vigo e á súa área metropolitana integrada por 14 concellos.

Que a equidade, como garante da igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade, a inclusión educativa, a non discriminación e a accesibilidade universal á educación como elemento compensador de desigualdades,

con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade, é un dos principios que inspira a intervención socio-educativa das escolas infantís 0-3.

Que un dos piares básicos do bo funcionamento dos centros que integran a rede de escolas infantís de Galicia é contar con profesionais coa capacitación e formación necesarias para desenvolver o seu labor profesional.

4 Que a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) é unha entidade, sen ánimo de lucro, prestadora de servizos sociais, constituída o 25.06.1977, e

ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSONAS CON PARÁLISE CEREAL
(APAMP)
Miguel Fernández, nº 1.360.10.990
Tel: 981.529.422 CIF: G3824400



orientada á prestación de servizos de carácter integral ás persoas con parálise cerebral e con trastornos afíns, así como as súas familias ao longo do seu ciclo vital e que ten como misión contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con parálise cerebral ou trastorno afín.

5 Que a atención á diversidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, entre o que se atopan os nenos e as nenas afectados de parálise cerebral e trastornos afíns, require dunha acción integrada das administracións públicas e das asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen o seu esforzo a este fin.

6 Que a Consellería de Política Social e a APAMP teñen interese en colaborar para mellorar a intervención educativa co alumnado da rede galega das escolas infantís 0-3, afectado de parálise cerebral e trastornos afíns, así como na prestación de servizos integrais ás súas familias.

Por todo o exposto, e coa finalidade de coordinar as actuacións para a consecución dos obxectivos previstos, as partes acordan formalizar este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a APAMP para a mellora da intervención educativa co alumnado afectado de parálise cerebral e trastornos afíns.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán os nenos e as nenas afectados/as de parálise cerebral e trastornos afíns, escolarizados/as nos centros



da rede galega de escolas infantís 0-3 situados na cidade de Vigo e na súa área metropolitana e relacionados no Anexo deste convenio, así como o persoal educativo destes centros e as familias do alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Política Social e a APAMP colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con parálise cerebral e trastornos afíns.

2. A Consellería de Política Social facilitará a colaboración do persoal profesional da APAMP nos centros pertencentes á rede galega de escolas infantís 0-3 situados na cidade de Vigo e nas poboacións da súa área metropolitana que teñan escolarizado alumnado con parálise cerebral e trastornos afíns.

As escolas infantís ou centros relacionados no Anexo deste convenio e con alumnado afectado por algún dos trastornos mencionados poden solicitar a colaboración do persoal profesional da APAMP como axuda e apoio á intervención educativa específica con estes nenos ou estas nenas.

A colaboración do persoal profesional da APAMP coas escolas infantís poderá ser de información e formación naqueles aspectos que o persoal educativo requira, de asesoramento e orientación sobre as metodoloxías de intervención cos nenos e as nenas afectadas, sobre as adaptacións curriculares necesarias en cada caso e sobre a avaliación das intervencións.

Cuarta. Colaboración do persoal da APAMP nas escolas infantís

1. Tendo en conta o marco xeral de colaboración establecido no punto 3 da cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión das escolas infantís, a dirección de cada centro, o persoal especialista da APAMP e as familias do




APAMP
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSONAS CON PARÁLISE CEREBRAL
Nº 1. 16210 Vigo
Agustín Hernández, 22. T. 986 294122 • IF: G1663120



alumnado con parálise cerebral e trastornos afíns establecerán os termos concretos desa colaboración.



2. A dirección do centro e o persoal educativo titor/a da unidade na que se integra o alumnado afectado serán responsables de coordinar o conxunto das intervencións concretas das persoas especialistas da APAMP en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias deste alumnado.

3. As actuacións do persoal especialista da APAMP nas escolas infantís entenderase dentro do marco de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo/a alumno/a coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada ás súas circunstancias. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con parálise cerebral e trastornos afíns, ter regularizada a súa situación laboral coa entidade APAMP e respectar os principios de autonomía organizativa de cada escola infantil así como o seu proxecto educativo.



Quinta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da APAMP e a Consellería de Política Social, de tal modo que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



Sexta. Comisión de seguimento e coordinación

1. Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio constituirase unha comisión de seguimento e coordinación, formada por dúas persoas en representación de cada unha das partes asinantes.

A presidencia da comisión será exercida pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, que a poderá delegar na persoa titular da Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

2. A comisión de seguimento e coordinación reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano dentro do primeiro trimestre do curso escolar.

Así mesmo, calquera das partes poderá convocar unha reunión con carácter extraordinario cando o estime conveniente.

3. Correspóndenlle a esta comisión as seguintes atribucións:

a) Velar pola adecuada coordinación e o desenvolvemento deste convenio.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

4. As controversias que poidan expoñerse sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución deste convenio resolveranse no seo desta comisión por maioría dos/as seus membros.



Sétima. Avaliación dos procesos de colaboración

A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada unha das escolas infantís 0-3 e do persoal da APAMP será realizada polo propio centro educativo e polo persoal da APAMP.

O documento de avaliación de cada curso será analizado na reunión ordinaria da comisión de seguimento e coordinación.



Oitava. Causas de resolución

Son causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O mutuo acordo entre as partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Novena. Natureza e interpretación do convenio

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, e non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto nos artigos 4.1.d) e 4.2) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos seus principios para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública deste documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, e que non foran resoltas pola comisión de seguimento e coordinación, serán dirimidas ante a xurisdición contencioso-administrativa.



Décima. Protección de datos e confidencialidade

A Consellería de Política Social e a APAMP obríganse a manter a confidencialidade sobre os asuntos dos que teñan coñecemento por razón desta colaboración e non poderán darlles difusión sen a autorización expresa e por escrito da outra parte.

En todo caso, ambas as dúas partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.

2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre as partes asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co

APAMP
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSONAS CON PARÁLISE CEREBRAL
Miguel Hernández, 1 • 36210 Vigo
Tel: 986 234 422 • IF: G6662120



previsto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia lei 15/1999.

Undécima. Publicidade do convenio

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Duodécima. Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate do curso académico correspondente a esa data, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

En proba de conformidade, asínase este convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

O presidente da Asociación de Familias de
Persoas con Parálise Cerebral

Daniel Varela Lago
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL
Miguel Hernández, nº 1 • 36210 Vigo
Tel. 986 294 422 • CIF: G36624120



ANEXO

Centros de Vigo e a súa área metropolitana pertencentes á rede galega de escolas infantís

CENTRO	ENDEREZO
El Baiona	Rúa Arquitecto Palacios, 4, 36930 Baiona
El Cangas "A Choupana"	Choupana, 11, 36940 Cangas
El Cangas "O Hío"	Lugar de Cruz de Castro, s/n, O Hío, 36945 Cangas
El Gondomar	Rúa Ameixeira, Polígono 18, O Picoto, 36380 Gondomar
El Moaña	Camión da Area, 2, Quintela, 36959 Moaña
El Mos- Porteliña	Lugar da Porteliña, s/n, Petelos, 36416 Mos
El Mos- Coto Torrón	Lugar de Coto Torrón, s/n, Tameiga, 36415 Mos
El Nigrán	Rúa do Panasco, s/n, 36350 Nigrán
El O Porriño-Torneiros	Polígono de Torneiros, fase 3, Ribeira, 36410 Porriño
El O Porriño- Doantes de Sangue	Rúa Doantes de Sangue, s/n, 36400 Porriño
El Marisma Sta. Mariña"	Rúa Pexegueiro, 7, 36800 Redondela
El Salceda de Caselas	Rúa Ador, 6, 36407 Salceda de Caselas
El Salvaterra do Miño	Rúa Lagoa, s/n, 36450 Salvaterra do Miño
El Soutomaior	Rúa Forneira 34, Arcade, 36691 Soutomaior
El Complexo Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo-A Estrela	Praza da Estrela, s/n, 36201 Vigo



ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSONAS CON PARÁLISE CEREbral
APAPAP
Miguel Hernández, 1 • 36210 Vigo
Tel: 981 54 94 21 • Fax: 981 54 94 20



Ei Bouzas	Rúa Pardaíña, 2, 36208 Vigo
Ei Rosalía de Castro (Coia)	Rúa Baiona, 9, Polígono de Coia, 36206 Vigo
Ei Relfas (Moledo)	Camiño de Marco, 28, Moledo, 36214 Vigo
Ei Caeiro (Cabral)	Gorguiña, 2, Cabral, 36215 Vigo
Ei Vigo-Valadares	Parque Tecnolóxico de Valadares Parcela 16 A, 36158 Vigo
Ei San Paio	Rúa Ronda Don Bosco, 1, 36202 Vigo
Ei Vigo-Rúa Palencia	Rúa Palencia, núm. 32, 26202 Vigo

 **APARAP**
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE
PERSONAS CON PARÁLISE CEREAL

Miguel Hernández, nº 1 • 36210 Vigo
Tel. 986 294 422 • CIF: G36624329

